

UNIFORM-Repro, a ferramenta que integra todos os teus datos nun só programa

A xestión reprodutiva das ganderías é unha das áreas máis importantes no día a día das granxas de vacún leiteiro e a recompilación de datos e a súa análise diaria fanse cada vez máis imprescindibles se o que se quere é mellorar os resultados. Na SAT Esparza Hermanos, de Rada (Navarra), traballan con UNIFORM-Repro e viaxamos ata as súas instalacións para falar da súa experiencia co programa cun dos seus propietarios, Eduardo Esparza, e o seu veterinario, Juanma Loste.



EDUARDO ESPARZA

Explotación: SAT Esparza Hermanos

Localización: Rada (Navarra)

Animais en total: 800

Vacas en produción: 400

“O beneficio máis importante é poder traballar cun único programa”



Por que decidistes comezar a utilizar UNIFORM-Repro?

Levabamos moitos anos traballando con ReproGTV e no momento que desapareceu decidimos empezar con UNIFORM-Repro. O motivo principal foi porque o podíamos coordinar co noso programa da sala de muxido, o DelPro™, e víñanos moi ben.

Resultouvos fácil o cambio?

Custa un pouco ao principio, pero como por teléfono se poden resolver moitas dúbidas imos aprendendo todos os días. Creo que o manexo bastante ben, aínda que ofrece moita información de diferentes ámbitos. Todos facemos de todo, aínda que eu adoito ser o que apunto todo cando hai máis datos de reprodutivo. Son o que máis horas investi nel; por tanto, manéxoo mellor. Tento axudar cando os demais teñen dúbidas e, se non, chamamos a Lidia Sierra ou Almudena Molinero, de UNIFORM-Agri.

Que apartados do programa utilizades máis?

As seccións do programa que máis utilizamos son as relativas á xestión reprodutiva e ao control de leite de cada vaca. Tamén o utilizamos para o libro de tratamentos.

Que beneficios vos achega UNIFORM-Repro?

O beneficio máis importante é poder traballar cun único programa, grazas ao traspaso de datos que permite entre DelPro™ e UNIFORM-Repro. Eu antes apuntaba datos en dous programas e agora apunto só en UNIFORM. O traspaso

é automático e en ambas as direccións, así que o DelPro™ segue funcionando ao 100 %. As vantaxes tradúcense en tempo, en maior comodidade e en menos confusións, porque, se te equivocas, equivócaste só unha vez.

Por que lles recomendarías UNIFORM-Repro a outros gandeiros?

É un programa moi completo no que podes apuntar de todo para levar un control en reprodución, en produción, en xenética, en tratamentos, en gastos... É moi completo.

Cal é o maior reto da gandería e como vos axuda UNIFORM-Repro a conseguilo?

O maior reto é mellorar cada día, todo o mundo quere lograr mellores resultados. UNIFORM-Repro permíteche obter tantos datos que ao final podes ir mellorando nos distintos aspectos da granxa aos poucos.





JUANMA LOSTE

Veterinario da SAT Esparza Hermanos
Albaikide Servicios Veterinarios

“Permite o traballo co libro de tratamentos e receitas, integra os datos dos sistemas de muxido e podemos acceder aos datos de todos os gandeiros desde os nosos portátiles”

Por que decidiches comezar a utilizar UNIFORM-Repro?

Levabamos traballando moitos anos con ReproGTV e, cando este sistema foi comprado por UNIFORM-Agri, empezamos a mirar as posibilidades que había no mercado e ao final decantámonos por UNIFORM-Repro por diferentes motivos.

Un deles foi que seguía máis ou menos a liña de ReproGTV en canto á reprodución, como traballaba os datos reprodutivos. Logo, o anterior programa permitíanos traballar de maneira informatizada co libro de tratamentos e receitas e, do que había no mercado, UNIFORM-Repro era practicamente o único que nos podía manter ese servizo. Tamén nos axudou na decisión a posibilidade que ofrece UNIFORM-Repro de poder interconectar os programas das salas de muxido ou dos robots, pois outros programas non o facían ou non estabamos seguros de que o fixesen ben. Por último, tamén nos gustou que este programa garda os datos na nube e desta maneira estás seguro de que non perdes nada. Finalmente, tamén é positiva a aplicación de móbil que integra, consideramos que podía ser útil sobre todo para gandeiros con granxas grandes.

Que beneficios ten para ti, como veterinario, utilizar UNIFORM-Repro como programa de xestión?

Ao ser un programa máis moderno mellora algunhas cousas de ReproGTV: permite o traballo co libro de tratamentos e receitas, integra os datos dos sistemas de muxido, o control leiteiro, incluso os compañeiros que fan calidade de leite tamén se aproveitan de todos os datos de reprodución, control leiteiro e de enfermidades, e logo nós temos o programa UNIFORM-Repro VET Multiexplotación no servidor, así todos podemos acceder aos datos de todos os gandeiros desde os nosos portátiles.

Como foi a adaptación a UNIFORM-Repro?

Houbo un pouco de todo. É un programa que é novo, non ten nada que ver cos anteriores e si que ten algunhas cousas que resultan un pouco máis complicadas ata que te adaptas.

Seguimos aprendendo, aínda non lle sacamos todo o potencial, o programa ten moitas máis opcións ás que igual aínda nin chegamos.

Que apartados adoitas utilizar máis do programa?

O que máis utilizamos no día a día é a sección de reprodutivo: extraer as follas de traballo, a introdución de datos e a súa análise. Os compañeiros de calidade de leite utilizan máis os informes de mamites e calidade de leite.

Cal é para ti o maior reto na xestión das ganderías e que che achega o programa para afrontalo?

En canto á xestión da reprodución, os gandeiros levan anos traballando con estes programas e creo que o maior reto que temos agora é a introdución de datos, pois ao final a estes programas hai que darlles de comer. Se non, non serven para nada. Estamos a facer fincapé nesa evanxelización dos gandeiros para que vaian introducindo máis datos, xa non só a inseminación, o parto, a facilidade de parto etc., senón que necesitamos información sobre enfermidades, motivos de desvelle, motivos de baixas de xatas... Ese é o seguinte paso ao que estamos intentando chegar.

Por que lles recomendarías UNIFORM-Repro a outros compañeiros?

Primeiro, polo traballo que permite co libro de tratamentos e receitas, que o gandeiro poida ter esa ferramenta é primordial. Así, pode levar os tratamentos ao día, perfectos.

Segundo, porque ter un programa que che integre os datos de todas as explotacións facilítache o manexo de toda esa información en Rede e non tes risco de perder nada. Para xente coma nós, que traballamos en grupo, é unha ferramenta moi boa e útil.

Por último, tamén é moi importante ter un bo servizo, que chames, che contesten rapidamente e che dean resposta. Moitas veces o problema xórdeche a metade do traballo, cando estás metendo os datos, e que che resolvan rápido é fundamental.

Pida información de UNIFORM-Repro sen compromiso

ventas@uniform-agri.com

(+34) 695 45 67 35

www.uniform-agri.com/es



ENTREVISTAS
EN VÍDEO

